

MATERIA  
Xeografía Rural

unidade  
didáctica  
**3**

TITULACIÓN  
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

# O rural como espazo de produción

**Rubén Boga González**

Área de Análise Xeográfica Rexional  
Departamento de Xeografía  
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679642>

**MATERIA:** Xeografía Rural

**TITULACIÓN:** Xeografía e Ordenación do Territorio

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. A Xeografía Rural e a definición do espazo rural**

**Unidade II. As dinámicas de poboación e poboamento rurais**

**Unidade III. O rural como espazo de produción**

Introdución

Unha rexionalización agraria do mundo

O produtivismo

As redes alimentarias alternativas e a transición post-productivista

Conclusións

**Unidade IV. O rural como espazo de consumo**

**Unidade V. A lectura ambiental do espazo rural**

**Unidade VI. As políticas rurais e o desenvolvemento rural**

## **ÍNDICE**

---

### **PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

### **OBXECTIVOS**

### **METODOLOXÍA**

1. Planificación temporal
2. Contidos e actividades propostas
3. Avaliación das actividades

### **CONTIDOS BÁSICOS**

1. Introducción
2. Unha rexionalización agraria do mundo
3. O produtivismo
  - 3.1. O produtivismo agrario
    - 3.1.1. A revolución verde e os organismos modificados xeneticamente
    - 3.1.2. O land grabbing
  - 3.2. Outras formas de explotación capitalista do espazo rural
    - 3.2.1. As plantacións forestais
    - 3.2.2. A minaría
  - 3.3. O concepto dos extractivismos
4. As redes alimentarias alternativas e a transición posprodutivista
  - 4.1. As redes alimentarias alternativas
    - 4.1.3. As Indicacións Xeográficas
  - 4.2. O modelo de transición posprodutivista e as súas críticas
    - 4.2.1. O modelo de transición posprodutivista de Ilbery e Bowler (1998)
    - 4.2.2. Críticas ao modelo de transición post-produtivista e ás redes alimentarias alternativas
    - 4.2.3. A multifuncionalidade, entre o produtivismo e o non-produtivismo
    - 4.2.4. O dilema de Morgan
5. Conclusións

### **ANEXOS**

Anexo 1: Escolma de titulares de xornal para o debate do final das aulas expositivas.

Anexo 2: Volumes e valores das producións de viños en España

Anexo 3: Resultados do Eurobarómetro sobre o coñecemento cidadán dos logotipos de certificacións de calidade.

### **BIBLIOGRAFÍA**

## PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

---

Nesta unidade didáctica, achegarémonos ao rural desde a perspectiva baixo a que tradicionalmente se considerou na xeografía académica: coma un espazo produtivo, no que a agricultura toma un rol central. De feito, tal e como se expuxo na primeira unidade didáctica do temario, ata época recente non se falaba en España de Xeografía Rural, senón dunha xeografía agraria baseada fundamentalmente na escola francesa de Vidal de la Blache. Na actualidade, malia que a agricultura perdeu moito peso en termos económicos absolutos, moitos autores aínda lle conceden unha importancia central como pedra angular do desenvolvemento da meirande parte dos espazos rurais. Esta consideración é produto da gran capacidade que mantén a agricultura para modelar este tipo de espazos, pola súa interacción directa co ambiente e as paisaxes (tema que voltará a aparecer na unidade V), pola súa influencia sobre outras actividades económicas e, en fin, polo seu vínculo directo co concepto de sustentabilidade. Asemade, a agricultura posúe unha importancia capital como base da alimentación e nutrición humana, a cal aínda supón un desafío global. Trátase, polo tanto, dunha unidade de importancia central na materia de Xeografía Rural, e que é fundamental como base previa para as tres unidades didácticas seguintes.

Para entender as configuracións produtivas dos espazos rurais, a presente unidade didáctica divide os seus contidos en dous bloques fundamentais: por unha banda, achégase ao modelo dominante de produción integrado no sistema capitalista global: o produtivismo; pola outra banda, amosa toda unha serie de prácticas alternativas que en maior ou menor medida se afastan do primeiro modelo. Dado que a materia de Xeografía Rural se sitúa no terceiro curso do grao de Xeografía e Ordenación do Territorio (OT), espérase do alumnado que sexa quen de mobilizar aprendizaxes previas de materias como Xeografía Económica ou Xeografía Rexional do Mundo, así como de utilizar materiais e fontes de información como datos estatísticos. Asemade, agárdase que o alumnado sexa quen de participar criticamente do debate sobre a aparente dicotomía entre o produtivismo e estas maneiras ‘alternativas’ de producir, así como de reflexionar sobre o concepto de sustentabilidade –cuestión que é central ao longo de todo o temario da materia.

## OBXECTIVOS

---

Xeografía rural trátase dunha materia de terceiro curso, no que o alumnado xa posúe un alto grao de coñecemento teórico-práctico en cuestións de xeografía humana e económica, así como da rexionalización do mundo. De acordo co programa da materia, o obxectivo xeral correspondente á coa presente unidade didáctica é o seguinte:

**Obxectivo xeral:** Comprender as configuracións produtivas do espazo rural no seo do sistema capitalista, sobre todo da agricultura.

O contido básico da unidade, alén de entender as múltiples configuracións produtivas dos espazos rurais, consiste en analizar o rural como un espazo no que conviven diversas actividades produtivas (agrarias e non agrarias); asemade, o presente temario inclúe unha mirada ás modalidades produtivas que poidan contribuír

a acadar un desenvolvemento económico sustentable a escala local. Así, a partir do anterior obxectivo xeral, e tendo en conta os resultados de aprendizaxe que figuran para a materia na memoria do título aprobado polo ministerio de Universidades, establécense os seguintes obxectivos específicos para a unidade:

**Obxectivo específico 1:** entender o papel chave do espazo rural como produtor e fornecedor de alimentos.

**Obxectivo específico 2:** fomentar unha visión crítica sobre a dualidade produtiva vs post-/non-rodutiva dos espazos rurais.

**Obxectivo específico 3:** analizar o deseño de instrumentos que contribúan a xerar valor nos espazos rurais.

Deste xeito, os obxectivos específicos alíñanse coas competencias xerais asociadas á materia: interrelacionar o fenómeno da produción de alimentos desde a escala global ás máis locais; explicar a diversidade de lugares e localizacións a través das grandes rexións produtivas do mundo; interrelacionar o medio físico e natural coa esfera humana, reflexionar sobre a sustentabilidade das producións alimentarias; etc.

## METODOLOXÍA

---

### 1. Planificación temporal

A materia de Xeografía Rural consta de 6 créditos, que supoñen un total de 48 horas docentes repartidas entre aulas expositivas e interactivas a partes iguais. Dado que a materia se divide en seis bloques temáticos, a presente unidade didáctica ocupará catro horas expositivas, repartidas en dúas clases de dúas horas de duración cada unha; e outras catro horas interactivas, divididas en dúas clases de 50 minutos de duración máis unha última de presentacións orais de traballos do alumnado que ocupará dúas horas tomadas do horario asignado ás aulas expositivas. Idealmente, o alumnado deberá asumir oito horas de traballo propio para a elaboración da presentación oral. Conforme a planificación temporal do grao en Xeografía e OT, a unidade didáctica desenvolverase ao longo de dúas semanas e media de duración.

### 2. Contidos e actividades propostas

A primeira aula expositiva debe presentar os contidos relativos ao produtivismo de xeito maxistral, sen por iso deixar pasar por alto a interacción co alumnado a través de preguntas de comprensión sobre os temas tratados e a lectura de fragmentos de texto que se propoñan. Como parte do seu proceso de aprendizaxe, estas lecturas incluírán revistas de investigación especializadas, como o *Journal of Rural Studies*. Estes contidos terán continuidade na mesma semana cunha aula interactiva na que se lles pedirá que procuren, nos anuarios estatísticos da FAO e de outras organizacións como o Banco Mundial, datos relativos aos tipos e volumes de produción dos cultivos de maior valor económico do mundo desagregados por países. A xeito de

transferencia, os últimos 15 minutos da aula dedicaranse a reflectir resumir colectivamente os contidos tratados na aula expositiva e a resolver potenciais dúbidas.

A seguinte aula expositiva amosará os contidos relativos ao debate sobre o post-/non-productivismo e as principais modalidades de producións alimentarias alternativas. Nos últimos quince minutos dela, amosaráselle ao alumnado un par de publicacións de xornais para introducir un debate final sobre os paradoxos da sustentabilidade dos distintos modelos produtivos que se dan nos espazos rurais (anexo 1). Na aula interactiva correspondente pediráselle aos estudantes que desenvolvan un traballo individual no que terán que seleccionar e analizar unha das múltiples Indicacións Xeográficas (inclúense tanto Denominacións de Orixe Protexidas como Indicacións Xeográficas Protexidas) implementadas no territorio galego en clave do debate productivismo vs post-/non-productivismo, e discutir as potencial multifuncionalidade destas producións. A meirande parte da información específica que precisan atópase dispoñible na web da Consellería de Medio Rural. A última aula de dúas horas será destinada á presentación dos traballos, deixando os últimos 20 minutos para un debate xeral no que todos os alumnos participen e discutan a diversidade de situacións expostas previamente por eles mesmos.

### 3. Avaliación das actividades

A primeira das actividades propostas non contará cunha entrega específica, polo que só se terá en conta a asistencia á aula a través dunha listaxe de asistentes. Para a exposición sobre Indicacións Xeográficas, desenvolverase unha rúbrica de avaliación que estará dispoñible para que o alumnado a poida ter en conta á hora de planificar o seu traballo. Na devandita rúbrica teranse en conta todos os aspectos competenciais pertinentes, que inclúen: a habilidade para inserirse nos debates teóricos tratados nas aulas expositivas; a capacidade de mobilizar as fontes de información de maneira axeitada; e os aspectos formais da exposición oral e habilidades comunicacionais. Este traballo computará un 30 % da cualificación da parte interactiva da materia.

## CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. Introducción


Na unidade anterior, centrada nas dinámicas de poboación e no poboamento dos espazos rurais, ficaba patente unha cuestión de fondo: o despoboamento rural vai paralelo a unha progresiva desagrarización do campo, tanto en termos absolutos como relativos á man de obra empregada. Agora, afondaremos sobre a importancia que aínda se lle outorga á agricultura nestes espazos malia empregar cada vez a menos persoas. Observaremos que o rural, a pesares das novas dinámicas que se producen nel, segue a ser indisoluble da súa concepción orixinal de espazo produtivo, fundamentalmente agrario, que cumpre unha importancia primordial como fornecedor de alimentos para a humanidade e como soporte de paisaxes e ecosistemas. Con todo, o rural entendido como espazo de produción, dá cabida a múltiples

modalidades de produción de alimentos, e outros bens que moitas veces conviven sobre os mesmos espazos. Neste senso, existe un debate central sobre a sustentabilidade do modelo dominante de produción e consumo de alimentos, que cada vez require de máis terreos, insumos e que produce profundos impactos negativos nos territorios, fronte a unha serie de modalidades alternativas que non acadan a frear o primeiro.

## 2. Unha rexionalización agraria do mundo

No mundo actual conviven moi distintos sistemas de produción agroalimentarios: desde a gandaría nómade en áreas como Mongolia até a horticultura superprodutiva en invernadoiros con tecnoloxía hidropónica no sur de España, Países Baixos ou Israel, por poñer algúns exemplos. A xeografía sempre tivo interese pola distribución espacial destes múltiples sistemas de produción de alimentos. Así, podemos atopar un precedente relevante en Whittlesey (1936), que cartografou as principais rexións agrícolas do mundo e clasificounas segundo métodos e tipos de produción predominantes:

**Figura 1: Principais rexións agrícolas do mundo segundo Whittlesey (1936)**



Fonte: Whittlesey (1936)


A pesar da antigüidade do anterior mapa, é relevante constatar que no mundo actual aínda conviven sistemas tradicionais con outros moi modernos e altamente tecnificados. Un caso exemplar de sistema tradicional é o do arrozal intensivo típico da Asia monzónica. Este sistema require dunha gran man de obra, baseada en unidades familiares, para traballar as pequenas parcelas que se inundan coas chuvias estacionais, sen ningún tipo de mecanización e empregando sobre todo insumos naturais



e locais. Pola contra, temos exemplos de agricultura altamente tecnificada nos belts dos Estados Unidos, nos que atopamos explotacións moi capitalizadas, que posúen grandes maquinarias para traballar campos chairos de decenas de hectáreas de extensión sen apenas precisar man de obra.

Con todo, resulta curioso que nun dos últimos manuais de xeografía rural, prodúcense importantes discrepancias respecto á forma de clasificar estes espazos, pois Gonin e Quéva (2018) baséanse fundamentalmente nos climas e ambientes naturais para definir os modelos produtivos, nunha lectura determinista da agricultura.

**Figura 2: Principais rexións agrícolas do mundo segundo Gonin e Quéva (2018)**



Fonte: Gonin e Quéva (2018)

Certamente, os distintos climas e ambientes do planeta terra inflúen nas distintas aptitudes agrícolas e en consecuencia nos tipos de cultivos. No entanto, non debemos esquecer que a agricultura é unha actividade humana, económica e cultural, na que tamén inflúe a tecnoloxía. Así, en áreas aparentemente similares en canto ao seu clima, podemos atopar sistemas produtivos moi diferentes. Por exemplo, en Galicia temos grandes áreas ocupadas por explotacións de gando vacún para a produción leiteira intensiva, mentres que na pampa arxentina existe un modelo de gandería extensiva especializada na produción de carne. Noutras áreas que se clasifican como mediterráneas –polo clima e os cultivos nos que dominan viñedos e outros cultivos leñosos–, atopamos explotacións moi diferentes en canto ao capital investido: dende grandes explotacións capitalistas en California, a pequenas e medianas explotacións nas áreas da costa mediterránea de Grecia, Italia, etc.

### 3. O produtivismo

#### 3.1. O produtivismo agrario

O produtivismo agrario defínese como un modelo de produción cuxo obxectivo principal é maximizar a produción de alimentos (ou fibras como o algodón), por enriba de calquera outra cuestión. Ao contrario da agricultura tradicional, enfocada en cubrir as necesidades alimentarias básicas das familias, o produtivismo busca incrementar a produtividade alén da demanda inmediata de alimentos. Isto faise patente, por exemplo, ao constatar que a maioría dos investimentos en producións agroalimentarias se centran nos sectores cerealícola e cárnico, cando a produción global destes bens xa acada para cubrir as necesidades da poboación global para unha nutrición sá (Remans, 2016).

Remans, Rosaline (2016): «Influencing food environments for healthy diets through the production of diversified foods» en *Influencing food environment for healthy diet*. Roma. FAO,15-41.

No seo do sistema capitalista global, caracterizado pola rendibilidade e a competitividade, o enfoque produtivista implica tres aspectos fundamentais: intensificación, concentración e especialización (Woods, 2010):

- **Intensificación da agricultura:** implica mellorar os rendementos agrícolas a través da mecanización e automatización de procesos como a labranza ou a sega, ou do uso de produtos fitosanitarios como fertilizantes e pesticidas e incluso da biotecnoloxía. A intensificación, no caso da gandaría, tamén favorece a introdución de métodos de concentración de animais para operar baixo os principios das economías de escala, o que dá lugar a imaxes como as dos *feedlocks* ou das macrogranxas; extremos que teñen sido moi criticados polos impactos negativos que supoñen tanto para o medio como para o propio benestar dos animais. Pola contra, a chamada agricultura de precisión introduciu técnicas como o uso de Sistemas de Información Xeográfica para monitorizar os cultivos e, por exemplo, aplicar fertilizantes ou regos de xeito máis eficiente e reducir o seu impacto sobre o medio.
- **Concentración do sector agrícola:** o anterior principio require de fortes investimentos (en maquinaria agrícola, fertilizantes...) que esixen ser recuperados, nese proceso, moitas das explotacións familiares desaparecen ao non ser quen de asumir eses investimentos, mentres que outras precisan de incrementar a súa produción e volume de vendas para recuperar o capital investido. Así, prodúcese unha redución do número total de explotacións agrarias, moitas das cales deixan de ser pequenas empresas familiares. Moitas das explotacións incluso pasan a pertencer a grandes corporacións multinacionais que invisten no sector agrícola para facerse con materias primas ou incluso como simples investimentos financeiros. A dependencia da agricultura tecnificada en insumos externos coma agroquímicos ou sementes conduce a un crecente control das grandes corporacións que dominan este sector. Por outra banda, a integración do mercado global de alimentos leva a

que as agricultoras dependen cada vez máis das grandes cadeas intermedias de distribución para poder vender os seus produtos.

- **Especialización produtiva:** favorece a adopción e expansión de monocultivos, que proliferan nas áreas nas que o ambiente lles é máis favorable a determinadas especies, como a soia no sur de Brasil, o millo no *corn belt* do medio oeste dos Estados Unidos, ou a palma en Borneo. Esta especialización pola contra dá lugar á perda da biodiversidade local, á homoxeneización das paisaxes e á dependencia destes produtores na fluctuación global dos prezos do produto no que fican especializados.

En suma, o produtivismo favorece a adopción de técnicas e medios que seguen principios industriais, e que teñen como fin reducir os custos de produción. Dado que no sistema económico global o obxectivo último é xerar beneficios económicos, o produtivismo tamén se define frecuentemente como unha forma de explotación capitalista dos recursos naturais (solo, auga, plantas), que implica unha gran capacidade para estrutura e transformar os espazos rurais (Woods, 2010). A industrialización da produción tamén reduce a man de obra necesaria para a agricultura, o que levou en parte ao éxodo rural e a que, paradoxalmente, a poboación rural sexa menos dependente desta actividade. A pesares das críticas, o produtivismo tamén se xustifica como unha forma de garantir o acceso aos alimentos por parte dunha crecente poboación mundial, e tamén baixo o principio da soberanía alimentaria dos Estados. En efecto, o produtivismo foi auspiciado por políticas públicas como a Política Agraria Común (PAC), a cal será explorada a fondo na última unidade do temario, ao igual que foi promovido tamén nos estados socialistas do século XX, como na Unión Soviética, a través dos koljós ou granxas comunitarias.

### 3.1.1. A revolución verde e os organismos modificados xeneticamente

Un caso particular dentro do enfoque do produtivismo é a revolución verde. Este proceso tivo lugar en países do Sur Global como a India ou México durante as décadas de 1960 e 1970. Implicou unha rápida transformación do agro coa introdución de tractores, sistemas de irrigación, pesticidas e, de xeito destacado, variedades híbridas de especies coma o arroz ou o trigo, máis resistentes a fenómenos naturais como as pragas. A revolución verde foi considerada un caso de éxito no que o incremento da produtividade agrícola logrou nutrir a unha grande poboación que anteriormente se vía sometida a frecuentes períodos de fame cando as colleitas non eran boas. Con todo, a revolución verde tamén supuxo un incremento da dependencia destas poboacións nas empresas de agroquímicos que posúen as patentes destas variedades. Cabe destacar que as mesmas consisten en variedades modificadas que non son capaces de reproducirse de xeito natural, polo que os agricultores perden a capacidade de replicar estas especies dun ano para o seguinte. Esta tendencia continúa a día de hoxe co emprego de Organismos Modificados Xeneticamente (OMX). Ademais das súas consecuencias sociais, o emprego de OMX tamén supón unha perda de biodiversidade, pois trátanse de variedades que, ao resistiren os pesticidas, incentivan o seu uso a expensas das demais especies vexetais e animais. Polo tanto,

o uso a grande escala dos OMX xera profundos impactos nos ecosistemas terrestres. Ademais, a introdución destes OMX supuxo a perda de variedades nativas, máis adaptadas as condicións naturais das rexións das que eran típicas (como poden ser as secas) aínda que fosen menos produtivas. Polo tanto, o uso a grande escala dos OMX xera profundos impactos nos ecosistemas terrestres. Desde a Unión Europea, estas consecuencias negativas levaron a estrictas regulacións contra o seu uso. Con todo, noutros bloques económicos coma nos EEUU ou Argentina, existen menores restricións ao seu uso.

### 3.1.2. *O land grabbing*

*O land grabbing* é un anglicismo que se refire á acumulación de grandes porcións de terras agrícolas sobre unhas poucas mans. Se ben se trata dun vello proceso histórico, expresado en situacións como a colonización europea de América (mediante o establecemento de haciendas ou estancias), fica como un proceso relevante na actualidade na que na que tanto Estados fortes coma grandes corporacións empresariais invisten nalgunhas das terras agrícolas máis produtivas de países empobrecidos do Sur Global –aínda que tamén sucede noutros contextos como Ucraína. Moitas veces son os gobernos dos propios Estados empobrecidos os que, co obxectivo de reducir a súa débeda pública, venden partes do seu territorio nacional desposuíndo ás poboacións locais do acceso a esa terra. De acordo coa FAO (2023), o *land grabbing* pode ter diferentes formas (compra en propiedade, arrendamento ou cesión a longo prazo, cotas...) e obxectivos (especulación, mercantilización, extracción, control de recursos...). Este fenómeno tamén vai da man de todos os anteriores procesos asociados ao réxime produtivista imperante: por exemplo, unha empresa chinesa pode facerse cun extenso campo en Brasil para producir soia transxénica, que logo é importada a través do porto de Vigo para alimentar unha gandaría de Santa Comba que precisa producir máis leite para facer fronte ás marxes cada vez máis pequenas que se pagan polo seu produto.

## 3.2. *Outras formas de explotación capitalista do espazo rural*

O modelo de explotación capitalista do espazo rural exposto para o caso do produtivismo agrario exténdese alén deste sector. En efecto, no espazo rural podemos atopar outras actividades que implican a explotación de recursos naturais con fins comerciais. Por importancia, destacan os casos das plantacións forestais e da minaría.

### 3.2.1. *As plantacións forestais*

O caso das explotacións forestais diferénciase dos cultivos dedicados á alimentación humana polos maiores perídos de tempo que requiren para obter beneficios económicos desde o momento do investimento inicial na plantación (Woods, 2010).

Alén diso, comparte moitas similitudes con ela: a súa xestión require de grandes maquinaria que, normalmente, pertencen a grandes empresas que posúen o capital suficiente para traballar estas explotacións; e favorécense os monocultivos das especies máis rendibles en cada área, como o eucalipto en Galicia, ou o abeto en Suecia. Polo tanto, as masas forestais xestiónanse como un mero recurso mercantil sen atender outros manexos que poderían ser máis respectuosos cos hábitats boscosos que substitúen.

### 3.2.2. A minaría

A minaría, ao contrario das anteriores, distínguese por ser unha actividade que explota uns recursos non renovables (minerais metalíferos e non metalíferos, rochas ornamentais, áridos e gravas, carbón, petróleo, etc.) e, polo tanto, limitados. O sector está dominado por grandes empresas, públicas ou multinacionais, que extraen recursos estratéxicos de importancia mundial e obteñen beneficios a curto prazo. Neste caso, atopamos importantes diferenzas na xestión que se fai destes recursos entre os países do Norte e os do Sur Global: nos primeiros destacan estados como Canadá ou Australia, nos que empresas de capital nacional explotan os seus recursos como un xeito de xerar riqueza para o propio país. En moitos casos, asúmese que os asentamentos para os traballadores teñen un carácter temporal e desaparecen unha vez cesa a actividade; noutros casos os traballadores fan *commuting* (desprazamentos pendulares diarios) por medios como o avión; e noutros existen estratexias de desenvolvemento que implican o reinvestimento dos beneficios da minaría noutras actividades económicas (Haslam-Mckenzie, 2013). No sur, en cambio, a explotación dos recursos ten lugar por parte de empresas foráneas que, con frecuencia, simplemente extraen o produto a cambio de regalías para as autoridades estatais; provocando impactos negativos *in situ* como a contaminación do terreo ou a destrución das paisaxes. Noutros casos, as empresas desenvolven accións de responsabilidade social corporativa nos que, a cambio da explotación dos recursos, acordan coas autoridades locais ou estatais a provisión de servizos como a sanidade ou a educación para a poboación local (p. Ex. Wanvik, 2014); producindo unha substitución *de facto* das funcións do estado.

### 3.3. O concepto dos extractivismos

O extractivismo expresa a idea de apropiación de recursos da natureza para exportalos como materias primas en grandes volumes e/ou intensidade (Gudynas, 2015). O concepto, nado no ámbito da minaría (definíndose como industria extractiva), xorde como crítica ao modelo de depredación intensiva dos recursos naturais imperante nos países do Sur Global. Unha imaxe ilustrativa do que pode ser o extractivismo é a unha grande canteira a ceo aberto, cuxa finalidade é a de servir aos mercados internacionais, pero que ten unha severa afección na paisaxe a escala local. Con todo, o concepto de extractivismo tamén abrangue outro tipo de actividades, como os monocultivos de exportación intensivos, en canto a que estes tamén produ-

cen grandes volumes de produto que se exportan sen procesar, xerando pouco valor engadido para as comunidades que padecen os seus efectos ambientais negativos. Os extractivismos poden ser practicados por corporacións multinacionais, Estados que extraen os seus propios recursos, ou mesmo poden incluír actividades ilegais en áreas nas que os Estados non chegan (por exemplo, a deforestación de bosque nativo amazónico).. O concepto é moi empregado desde as xeografía críticas latinoamericanas e desde a disciplina da Ecoloxía Política, que integran investigación e acción participante dentro dos amplos movementos sociais que combaten este tipo de prácticas no continente.

## 4. As redes alimentarias alternativas e a transición posproductivista

### 4.1. As redes alimentarias alternativas

O concepto de redes alimentarias alternativas fai referencia a un gran conxunto de modalidades e prácticas agrícolas vencelladas pola súa oposición ao paradigma productivista dominante e ás súas consecuencias negativas (Sánchez-Hernández, 2009; Tregear, 2011). Autores como Goodman (2004) falan do 'xiro á calidade' para referirse a esta serie de producións nas que, ao contrario que sucedía co productivismo, a máxima non é incrementar a produción de alimentos e ofrecer baixos prezos. Pola contra, baséanse nunha serie de valores ambientais, sociais, sanitarios, culturais e organolépticos que, en teoría, permiten xerar valor engadido sen a necesidade de producir máis. A importancia desta serie de valores variará segundo a modalidade de produción alternativa que se trate. Así, a agricultura ecolóxica (ou *organic*) fai énfase nunha produción que respecte o medio ambiente, introducindo unha serie de normas que prohíben o uso de insumos non naturais (xa sexan fertilizantes ou fitosanitarios) e de organismos modificados xeneticamente. Mentres, outras xorden como reacción a crises de seguridade alimentaria como a das vacas tolas, provocada pola alimentación destes animais con pensos que incorporaban graxas de bovinos mortos infectados pola enfermidade; ou a crise da gripe aviaria causada polo amoreamento dos animais.

En xeral, estas producións son resultado da preocupación pola forma de producir, distribuír e consumir alimentos, e buscan artellar unhas relacións máis xustas e favorables tanto para os produtores coma os consumidores. No caso particular dos produtores, búscase rachar coa súa dependencia nos intermediarios das cadeas de distribución, así como no círculo productivista que esixe baixos prezos e grandes volumes de produción. Así, moitas destas producións defenden unha reconexión entre produtores e consumidores mediada pola idea de proximidade (Tregear, 2011); a cal se considera tanto xeográfica como social. Segundo Renting et al. (2003), esta proximidade entre produtores e consumidores pode darse baixo tres modalidades posibles:

- **Cara a cara:** nas que as relacións son directas e o produtor pode explicarlle persoalmente ao consumidor a forma na que foi producida o alimento. Exemplos deste tipo son os *box schemes*, nos que os produtores acordan cos seus clientes unha distribución directa e periódica de caixas con alimentos

variados de tempada. En Galicia, atopamos exemplos xenuinos deste tipo no caso das feiras ou mercados tradicionais de vilas como Padrón.

- **Proximidade:** trátase principalmente dunha proximidade espacial entre produtores e consumidores, pero na que non teñen por que interactuar directamente. Un exemplo significativo é o das AMAP (Asociacións para o mantemento da agricultura campesiña) francesas: agrupacións de produtores, nas que os agricultores se alían para ofrecer unha comercialización conxunta de alimentos variados, por exemplo a través de supermercados cooperativos, nas áreas urbanas máis cercanas. Nesta categoría tamén se clasificarían os restaurantes que ofrecen produtos km0 ou os comedores escolares que ofrecen produtos locais.
- **Estendida:** neste caso, a proximidade non é espacial, senón que está mediada por unha certificación que traslada a información sobre a orixe e os métodos de produción ao consumidor, aínda que este se atope distante. Esta información transmite unha serie de valores que diferencian estes produtos doutros similares de masas. Un claro exemplo deste tipo son as Indicacións Xeográficas, coma o queixo de Arzúa-Ulloa. O comercio xusto (ou *fair trade*) é outra modalidade que se encadra nesta categoría, pois trata de garantir que os agricultores de produtos procedentes do Sur Global, como o café ou o cacao, contén cunhas condicións laborais dignas.

Polo tanto, o concepto das redes alimentarias alternativas concede grande importancia ao lugar nas relacións produción-consumo de alimentos (Tregear 2011). De feito, moitos autores encadran estas producións alternativas baixo o concepto de relocalización para referirse a esta reivindicación da importancia do lugar fronte ás producións industriais e masivas, globais e deslocalizadas que non gardan sensibilidade polas sociedades, culturas e ecoloxías do lugar –tal e como vimos no anterior apartado.

Con todo, autores como Fonte (2008) apuntaron unha importante diferenza entre os países do norte e o sur de Europa á hora de concibir a idea de relocalización, no seo destas redes alimentarias alternativas. Así, os países do norte de Europa fican preocupados pola simple proximidade espacial (venta directa, *box schemes...*) e fan especial énfase nos modos de producir e distribuír alimentos (agricultura ecolóxica, *fair trade...*). Mentres, os países mediterráneos amosan unha maior preocupación polas calidades organolépticas dos alimentos e polo lugar de produción en tanto que orixe (destaca neste caso a atención aos esquemas de Indicacións Xeográficas). Esta idea de orixe vincúlase de xeito máis estreito ao territorio, facendo eco dos patrimonios alimentarios e culturas campesiñas que, no contexto do sur de Europa, aínda perviven fronte á industrialización e homoxeneización do paradigma produtivista. (Fonte, 2008).

#### 4.1.3. As Indicacións Xeográficas

As Indicacións Xeográficas (IX), malia seren encadradas dentro do grupo das redes alimentarias alternativas, posúen unha longa traxectoria que se remonta polo menos ao S.XIX. En efecto, este tipo de certificacións xurdiron como unha forma

de evitar a fraude (adulteracións no contido, enganos sobre a procedencia, etc.) no comercio internacional de viños reputados; ante crises de produción como a da filoxera. A motivación inicial, polo tanto, era a de previr as malas *praxis* no comercio e garantir así as rendas aos agricultores que labraran a reputación destas producións. Con todo, para distinguir e acotar as rexións de produción do alimento 'orixinal', as IX introduciron demarcacións espaciais dos ámbitos de produción. Máis tarde en Francia, a comezos do século XX, tamén introduciron unha serie de normas de produción, recollidas nun prego de condicións de obrigado cumprimento, que garantisen a calidade e a súa especificidade xeográfica. Estas normas de produción en teoría tamén implican un manexo agrícola máis respectuosos coa súa contorna. O cumprimento destas normas require dun control interno dentro da propia explotación agrícola máis dun control externo que exerce de auditor.

As IX posúen un carácter voluntario para os produtores que se atopan dentro dos territorios demarcados. Ademais, en países como España ou Francia, introducen a figura dos consellos reguladores. Estas entidades de dereito público están compostas polos produtores inscritos dentro da correspondente IX, e entre as súas funcións destacan o control da produción máis a organización de actividades de promoción.

Na actualidade, as IX no noso contexto están reguladas desde a UE polo regulamento UE 1151/2012. Este esquema inspírase directamente na experiencia francesa, aínda que distingue dúas modalidades, que difiren no grao de vínculo que establecen entre produto e territorio:

- **Denominacións de Orixe Protexidas (DOP):** require que todas as etapas ou fases de produción teñen lugar no mesmo territorio, forte vínculo. Por exemplo, o queixo de Arzúa esixe ser elaborado dentro do territorio da DOP, que o queixo se produza a partir do leite de granxas dentro do mesmo territorio e que a maioría da alimentación destas vacas sexa procedente do mesmo ámbito.
- **Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP):** non obriga a que todas as fases de produción teñan lugar no mesmo territorio, senón só aquelas que lle confiren unhas características singulares e diferenciales ao produto. Polo tanto, o elemento que outorga a 'especificidade' do produto pode radicar nas materias primas, ou ben no proceso de elaboración. Este último é o caso da Tarta de Santiago, que require da importación de améndoas que non son típicas do territorio galego.

Desde a aprobación do regulamento comunitario CEE 2081/92, o número de IX aprobadas experimentou un crecemento exponencial no marco da Unión Europea. O motivo parcial deste incremento ten relación coa súa promoción como instrumentos de desenvolvemento rural, como veremos na unidade VI. Por número de figuras e de importancia na súa economía, destacan Italia e Francia, seguidas de España. As IX son especialmente populares no caso dos viños, sector no que concentran gran parte dos produtores, superficies cultivadas e volumes de produción, en detrimento dos viños de mesa sen certificación algunha (anexo 2). En España, tamén destaca a súa importancia nos sectores dos xamóns, dos queixos e dos aceites de oliva. Sen sumar



o sector vitivinícola e de outras bebidas espirituosas, as IX españolas ascenden a máis de 200 produtos, suman máis de 200.000 explotacións inscritas e superan os 2.600 millóns de euros de facturación (MAPA, 2021).


## 4.2. O modelo de transición posproductivista e as súas críticas

### 4.2.1. O modelo de transición posproductivista de Ilbery e Bowler (1998)

Na década de 1990 produciuse unha importante reconfiguración da PAC. Neses momentos acadáranse niveis de sobreprodución que provocaban que esta política engulise gran parte do presuposto comunitario, polo que se deixou de subvencionar aos agricultores polos volumes de produción e pasouse a facelo polas terras cultivadas. Así, ao poñer o foco nas terras e non tanto nos rendementos agrícolas, desincentivábase o emprego de insumos externos como fertilizantes e favorecíase certa extensificación da agricultura. Tamén gañaba peso o discurso político sobre o desenvolvemento rural que deixaba de enfatizar o crecemento económico baseado na agricultura.

Nese contexto, os círculos académicos comezaron a debater sobre a transición posproductivista (Woods, 2010). Esta viría a definirse como o inicio dunha nova etapa que poría fin ao modelo productivista imperante, na que xa non importaría tanto maximizar a produción e gañarían importancia os usos non agrarios do espazo rural (Wilson, 2009). Unha publicación importante na fundamentación teórica deste concepto foi o modelo proposto por Ilbery e Bowler (1998), que sintetizaba o que era a transición posproductivista en base a tres aspectos, que eran inversos ás características propias do paradigma productivista. Estes amósanse de xeito sintético na figura 3.

**Figura 3: a transición posproductivista segundo Ilbery e Bowler (1998)**



Fonte: elaboración propia

A extensificación implicaría o menor uso de insumos externos, apoiado pola crecente regulamentación do mercado agrícola contra o uso de pesticidas e fertilizantes nocivos, e axudaría a diminuír a presión humana sobre a natureza. A diversificación implicaría que as explotacións agrarias producen máis dun produto, para así ser menos vulnerables ás fluctuacións dos mercados. O aumento da variabilidade das producións tamén melloraría a calidade das paisaxes rurais. Alén da agricultura, a diversificación tamén implicaría desenvolver outras actividades como fontes de

ingresos, por exemplo o turismo rural. No entanto, sorprende que os mesmos Ilbery e Bowler (1998) expuxesen que nin sequera eles, os autores do modelo, atoparan indicios da suposta nova tendencia de dispersión do control do sector agrario fronte á súa concentración nunhas unhas poucas mans.

#### 4.2.2. *Críticas ao modelo de transición post-productivista e ás redes alimentarias alternativas*

O modelo de transición postproductivista, a pesares da súa popularidade, pronto se viu sometido a numerosas críticas que falsearon as súas afirmacións e que, coa nosa perspectiva actual —máis de 20 anos despois da súa formulación— evidéncianse ficticias. A principal crítica ten que ver co concepto de transición, pois a realidade demostra que nunca se chegou a producir tal tránsito, entendido como un proceso liñeal. Pola contra, o productivismo e os modelos alternativos coexisten no tempo, no espazo, e baixo a mesma superestrutura económica (Wilson, 2009). De feito, o productivismo continúa en formas que algúns autores chegan a denominar superproductivismo (Woods, 2010), como sería o caso dos *feedlocks*. A pesares do éxito de moitas redes alimentarias alternativas como as AMAP ou o *fair trade*, demostrouse que o se alcance —e polo tanto, potencial transformador— é limitado.

Primeiro, porque polo xeral, estas producións alternativas son máis caras que as convencionais. Polo tanto, non todos os cidadáns están dispostos ou poden permitirse acceder a este tipo de produtos (Goodman, 2004). Asemade, tal e como amosa o Eurobarómetro (2022) da UE (anexo 3), aínda hoxe unha grande parte dos consumidores deste espazo do Norte Global descoñece estas redes alimentarias alternativas. Cando menos, os seus principios. Segundo, porque moitos produtores implicados en redes agroalimentarias alternativas atopan dificultades para acadaren niveis mínimos de rendibilidade e, en moitos casos, dependen de subsidios (que proveñen do sistema económico dominante) (Tregear, 2011). Asemade, DuPuis e Goodman (2005) son especialmente críticos respecto do alcance destas redes alternativas, xa que a base da súa efectividade depende dunha estratexia de diferenciación respecto das producións convencionais e, polo tanto coma se corresponden cun nicho de mercado, poden acabar por acabar por competir entre elas. Por último, o enfoque da transición posproductivista privilexiou o rural do Norte Global, no que se desenvolven máis iniciativas de corte alternativo, sen considerar as realidades diferentes que se dan noutros contextos (Wilson, 2009).


A outra crítica principal cara á idea de transición posproductivista ten que ver coa súa conceptualización dualista, na que o posproductivismo simplemente sería unha superación do productivismo baseada en valores opostos. A investigación práctica demostrou ao longo destas décadas que este dualismo é unha abstracción de dous extremos que, en realidade, non teñen ben definidos os seus límites (Tregear, 2011). En cambio, os sistemas alimentarios frecuentemente combinan distintos valores e métodos de produción, mesmo no seo de explotacións individuais. Por exemplo, IXs como a vinícola Rías Baixas seguen unha estratexia baseada no incremento da produción e na expansión nos mercados internacionais, á vez que desenvolven o turismo

coas rutas dos viños. Un caso moi criticado tamén é o da convencionalización da agricultura ecolóxica. Por exemplo, Guthman (2004) explicou como as explotacións ecolóxicas de California facían uso de man de obra inmigrante á que lle pagaban moi baixos salarios para seren competitivos no mercado. Como consecuencia destas múltiples configuracións, moitos autores comezaron a falar de redes 'híbridas' para explicar estas realidades.

#### 4.2.3. A multifuncionalidade, entre o produtivismo e o non-productivismo

Co mesmo obxectivo de superar o pensamento dualista, Wilson (2009) propón empregar o termo 'multifuncionalidade' no canto de redes híbridas, para expresar todo ese espectro de modalidades de produción que teñen lugar na realidade dos espazos rurais. Neste caso, as producións encádranse dun rango que varía de máis a menos multifuncional en función dos valores e funcións que incorpora a produción agrícola: menor multifuncionalidade cando o obxectivo unicamente é maximizar a produción (produtivismo); e maior multifuncionalidade canto maiores sexan as contribucións da actividade agraria a preservar paisaxes e a biodiversidade, manter os patrimonios alimentarios, favorecer o desenvolvemento do turismo, etc. Wilson (2009), para expresar o extremo oposto ao produtivismo neste espectro multifuncional, introduce o concepto de non-productivismo, asumíndoo como un estadio máis ideal que práctico. Este concepto vén substituír o de posprodutivismo, mais eliminando a súa dimensión temporal.

Figura 4: O espectro da multifuncionalidade



Fonte: Wilson (2009)

#### 4.2.4. O dilema de Morgan

No fondo das críticas ao paradigma produtivista, e detrás de conceptos como o post-productivismo ou a multifuncionalidade, fica a idea da sustentabilidade. É dicir, o debate subxacente radica en como conseguir: producir o suficiente como para alimentar de xeito equitativo á poboación mundial con produtos sans; que os agricultores obteñan os suficientes ingresos; e que os impactos na natureza sexan febles todo iso como condicións indispensables para poder manter a produción de alimentos estable no tempo. Porén, satisfacer todos estes puntos á vez semella unha quimera inalcanzable polo momento. Así, ante a grande variabilidade de tipoloxías e configu-

racións de produción-consumo de alimentos, cabe facerse a seguinte pregunta: que modelo de produción se pode considerar máis sustentable? Unha laranxa certificada como *fair trade*, procedente de Sudáfrica, ou outra ecolóxica procedente da horta do levante español? Este dilema foi exposto por Morgan (2010: 1853) para introducir a seguinte reflexión:

até que punto existe un equilibrio entre os múltiples valores que existen dentro [das redes alimentarias alternativas]? Ademais, que valores consideramos máis importantes, e por que?

A chave deste dilema, polo tanto, consiste en como lograr satisfacer todas estas necesidades (seguridade alimentaria, rendibilidade das producións para os agricultores, respecto pola natureza...) á vez, a nivel global. Que combinación de prácticas pode achegar o virtuosismo de cubrir todas estas necesidades? A pesar da dificultade da reflexión, o que fica patente é que, para o caso dos alimentos, local non é sinónimo de sustentable. De feito, esta idea preconcebida pode agochar fenómenos reaccionarios de localismo defensivo, ou ocultar desigualdades no seo das comunidades locais e mesmo das explotacións agrarias (DuPuis e Goodman, 2005; Tregear 2011). Neste senso, os estudos feministas demostraron que tamén é importante prestar atención ao xénero nas relacións de poder que se reproducen ao nivel das explotacións familiares. Se na definición de sustentable incluímos a idea de xustiza social, sen dúbida esta cuestión resulta central.

## 5. Conclusións

A configuración produtiva dos espazos rurais aparece dominada polo paradigma do produtivismo. Este, lonxe de dar paso a unha transición posprodutivista, acada extremos coma o ilustrado polo fenómeno das macrogranxas, cuxo pulo recente se xustifica no incremento da demanda no consumo da carne a nivel global. Este modelo convive –moitas veces sobre os mesmos espazos– cunha serie de prácticas alternativas que poden considerarse máis ou menos multifuncionais e sustentables, pero que non acadan a imporse sobre o primeiro modelo. Mentres o debate sobre estas producións alternativas fica en preguntarse cal acada maior sustentabilidade, no seo do produtivismo xorden discursos que falan de intensificación sustentable mediante fórmulas como a agricultura de precisión. Que modelo pode satisfacer a demanda dos consumidores a nivel global, e á vez evitar a depredación e esquilme dos recursos naturais dos que depende a agricultura? É posible unha transición cara a un novo modelo?

Como forma de escapar da inoperabilidade do seu dilema, Morgan (2010) propón centrarse nos valores alternativos en si mesmos, como punto de partida a través do cal, cun cambio profundo nos valores dos consumidores, pódense construír sistemas alimentarios máis xustos e verdes. Alén diso, os cambios poden producirse paseniño se se aliñan cunha regulacións políticas conformes –p. Ex. coas medidas que introduce o pacto verde europeo– e, en xeral, co sistema económico mundial. Con todo, aínda fican importantes paradoxos, como unha maior regulación do mer-

cado comunitario que á vez permite a entrada de produtos con menos esixencias e controis de fóra da UE; ou, aplicado ao caso dos extractivismos, que se estea a deforestar a amazonía ecuatoriana para fabricar as aspas dos aeroxeneradores— que veñen frear, entre outras actividades, a minaría de carbón.

Por último, non debemos de deixar de considerar o sistema global de produción e consumo de alimentos dentro das dinámicas superiores do capitalismo: producir de xeito máis san, xusto e respectuoso co medio implica gastos maiores para os consumidores, porén, para que a maioría dos consumidores do mundo poidan acceder a estes deberían poder mellorar a súa situación económica.

## ANEXOS

---

**Anexo 1: Escolma de titulares de xornal para o debate do final das aulas expositivas.**

DEFORESTACIÓN

### **Los molinos de viento deforestan el Amazonas**

Las aspas de los aerogeneradores, fabricadas con madera de balsa, plantean la paradoja de que las energías renovables causen un gran impacto social y ambiental

Fonte: El País (24/11/2021). Dispoñible en: <https://elpais.com/planeta-futuro/2021-11-24/los-molinos-de-viento-deforestan-el-amazonas.html>


AGRICULTURA > TRIBUNA

### ***No, la agroecología no solucionará los problemas del sistema alimentario***

Detrás las imágenes de mujeres sonrientes con azadas se esconden las ideas románticas de lo que creemos que es la agricultura ecológica, y lo que es realmente en la práctica

Fonte: El País (03/08/2022). Dispoñible en: <https://elpais.com/planeta-futuro/3500-millones/2022-08-03/no-la-agroecologia-no-solucionara-los-problemas-del-sistema-alimentario.html>

## Anexo 2: Volumes e valores das producións de viños en España



Volumen (millóns de litros), cota e evolución do consumo de viño en fogares en España en 2018 por tipos de viño.

Fonte: OEMV a partir dos datos do Informe do Consumo Alimentario en España 2019 (MAPA).

Valor (en millóns de euros), cota e evolución do consumo de viño en fogares en España en 2018 por tipos de viño.


Fonte: OEMV a partir dos datos do Informe do Consumo Alimentario en España 2019 (MAPA).

Fonte: MAPA (2021). Dispoñible en: [https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/informedops2021-2022\\_tcm30-653468.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/informedops2021-2022_tcm30-653468.pdf)

## Anexo 3: Resultados do Eurobarómetro sobre o coñecemento cidadán dos logotipos de certificacións de calidade.

QA13 Which of the logos are you aware of? (MULTIPLE ANSWERS POSSIBLE)  
(% - EU)

■ Feb.-Mar. 2022 ■ Aug.-Sep. 2020 ■ Dec. 2017 ■ Oct. 2015 ■ Nov.-Dec. 2013 ■ Mar. 2012



Fonte: Comisión Europea (2022). Dispoñible en: Europeans, Agriculture and the CAP - junio 2022 - - Eurobarometer survey (europa.eu)

**BIBLIOGRAFÍA**

---

- DUPUIS, Melanie e David GOODMAN (2005): «Should we go «home» to eat?: toward a reflexive politics of localism», *Journal of rural studies*, 21(3), 359-371.
- FAO (2023): What is land grabbing?: [What is Land Grabbing? | FAO](#) (citado 22 maio 2023)
- FONTE, Maria (2008): «Knowledge, food and place. A way of producing, a way of knowing», *Sociologia ruralis*, 48(3), 200-222.
- GONIN, Alexis e Christophe QUÉVA (2018): *Géographie des espaces ruraux*. Paris: Armand Colin.
- GOODMAN, David (2004): «Rural Europe redux? Reflections on alternative agro-food networks and paradigm change», *Sociologia ruralis*, 44(1), 3-16.
- GUTHMAN, Julie (2004): «The trouble with ‘organic lite’ in California: a rejoinder to the ‘conventionalisation’ debate», *Sociologia ruralis*, 44(3), 301-316.
- HASLAM MCKENZIE, Fiona (2013): «Delivering enduring benefits from a gas development: governance and planning challenges in remote Western Australia», *Australian Geographer*, 44(3), 341-358.
- ILBERY, Brian e Ian BOWLER (1998): «From Agricultural Productivism to Post-Productivism», en ILBERY, Brian (ed.): *The Geography of Rural Change*. Harlow: Longman, pp. 57-84.
- MORGAN, Kevin (2010): «Local and Green, Global and Fair: The Ethical Foodscape and the Politics of Care», *Environment and Planning A*, 42, 1852-1867.
- RENTING, Henk; Terry MARSDEN e Jo BANKS (2003): «Understanding alternative food networks: exploring the role of short food supply chains in rural development», *Environment and planning A*, 35(3), 393-411.
- SÁNCHEZ HERNÁNDEZ, José Luis (2009): «Redes alimentarias alternativas: concepto, tipología y adecuación a la realidad española», *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 49, 185-207.
- TREGGAR, Angela (2011): «Progressing knowledge in alternative and local food networks: Critical reflections and a research agenda», *Journal of rural studies*, 27(4), 419-430.
- WANVIK, Tarje Iversen (2014): «Encountering a multidimensional assemblage: The case of Norwegian corporate social responsibility activities in Indonesia», *Norsk Geografisk Tidsskrift-Norwegian Journal of Geography*, 68(5), 282-290.
- WHITTELEY, Derwent (1936): «Major Agricultural Regions of the Earth», *Annals of the Association of American Geographers*, 26(4), 199-240.
- WILSON, G. A. (2009): «The spatiality of multifunctional agriculture: A human geography perspective», *Geoforum*, 40(2), 269-280.
- WOODS, Michael (2010): *Rural*, Abingdon: Routledge.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA